

As palmeiras de Gran Canaria (5)

Xosé Otero Canto, 21 de agosto de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.40346.php>

A palmeira e o loureiro

Aló pola década dos anos 60, os pequenos e rapaces de Lugo e da contorna non sabiamos como era unha palmeira e tan só na Semana Santa tiñamos aos pequenos máis ricos que en vez de levar un ramo de loureiro á igrexa ese domingo de ramos levaban ramos de palmas traballadas cun arte exquisito dándolle a volta ás frondes, facendo xogos de figuras avultadas, retorcidas outras, en círculos aquelas, en cadrados estouttras, segundo a imaxinación do creador e despois, aqueles pequenos, as levantaban orgullosos dos seus achados e nós mirabaámoslos con certa envexa, mais hoxe os nosos ollos galegos vén aquelas frondes de palmeira como unha intromisión na nosa cultura de loureiro herdada do celtismo galego e despois mantida polos romanos nas súas coroas e agasallos.

O loureiro para o Domingo de Ramos era case o único que levabamos os nenos e maiores con algunha que outra rama de oliveira que non había na nosa Valura, por iso, hoxe as palmas vémolas como algo estraño e quizais daquela eran formas traballadas e foráneas e invasoras do noso.

Lémbrome como nese domingo o Alberte da Requeixa tronzaba un loureiro polo pé duns tres metros e todos os anos era o ramo máis grande da igrexa, pero cando saíamos da misa empezaban as xostregadas e o Alberte empregaba o loureiro para protexerse delas e os demais nenos e rapaces levabamos un bo loureiro, pero moito máis pequeno, para poder xostregar nas orellas aos outros rapaces e eramos os que faciamos ganarlle ao noso bando do exército loureirán a batalla da frouma de cada domingo de ramos. Non vexades como lles poñíamos as orellas aos que levaban a palma das envexas.

Continuará...

Gran Canaria 16-6-2026